# UDC, premio á Universidade máis responsable no reto 'Urban Mobility Challenge 2020'

A UDC participou por segunda vez neste reto para a promoción da mobilidade sustentábel. Durante '**30 días en bici'**, **do 16 de setembro ao 16 de outubro,** as persoas participantes acumularon quilómetros sustentábeis percorridos: camiñar, utilizar a bicicleta, o patinete eléctrico ou transporte público, desincentivando deste modo o uso do coche individual.

No cómputo xeral a UDC encóntrase no 6º posto das 12 Universidades españolas participantes, e chegando ao 1º posto en canto a número de actividades por persoa usuaria (Premio á Universidade máis responsable).

Rexistráronse 163 persoas da UDC, das que 90 participaron de forma activa durante todo o mes. Percorreron un total de 9.412 km sustentábeis, correspondentes a **2.222 kg$CO_2$ evitados**. Destes, a bicicleta foi o medio mais utilizado que sumou 6.415 km, seguidos de 1.409 km percorridos en bus e 916 camiñando.




Esta é a novidade do reto 2020, no que se contabilizaron todos os desprazamentos sustentábeis, ademáis dos percorridos en bicicleta. Con isto, mellórase o resultado da anterior edición, que a pesar de ocupar un posto relativo máis alto na edición 2019, conseguiu evitar a emisión de 813 kg$CO_2$ máis que no ano 2019.




Gráficas: km e kg$CO_2$ evitados na UDC por transporte en bicicleta no Reto 30 días en bici 2020

Táboa: Comparativa das 2 edicións de participación da UDC no reto

| | **Reto 2019** | **Reto 2020** |
|---|---|---|
| Posto UDC ránking xeral | 4º | 6º |
| Nº persoas participantes | 60 | 90 |
| Nº km sustentábeis percorridos | 3.042 | 9.412 |
| Nº km en bicicleta | 3.042 | 6.415 |
| kg$CO_2$ evitados | 760 | 2.222 |

Km totales: 29730

Kg CO2 ahorrados: 7433

| Universidad | Puesto | Km |
|---|---|---|
| Universidad de Salamanca – Campus de Excelencia Internacional | 1º Puesto | 9266 km |
| Universitat de València | 2º Puesto | 5255 km |
| Universidad Autónoma de Querétaro | 3º Puesto | 3916 km |
| Universidad de Valladolid | 4º Puesto | 2688 km |
| Universitat de Barcelona | 5º Puesto | 2142 km |
| Universidade da Coruña | 6º Puesto | 1822 km |
| Universitas Miguel Hernández | 7º Puesto | 1522 km |
| UJA Universidad de Jaén 25 años | 8º Puesto | 1186 km |
| Universitat d'Alacant / Universidad de Alicante | 9º Puesto | 831 km |
| Universidad de Málaga | 10º Puesto | 607 km |
| UIB Universitat de les Illes Balears | 11º Puesto | 317 km |
| Universidad de Burgos | 12º Puesto | 178 km |




Diploma UDC gañadora "Universidade máis responsable 2020"